

Falar de amor como se escribe

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2010]). “Falar de amor como se escribe”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 24/10/2010, 30. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/450>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2010). “Falar de amor como se escribe”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 24/10/2010, 30.

* Edición dispoñíbel desde o 8 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Mon G. Buhigas é profesor, especialista en música pop e, ademais, o autor de “Doce”, a última novidade editorial de Libros da Frouma, que volve apostar polo arousán como fixera en 2003 con “Poemas para Emilia”.

Falar de amor como se escribe

Libros da Frouma edita este poemario de amor

LIBROS

VICENTE ARAGUAS



Ou á inversa. Escribir de amor como se fala. Este enguedello ou choio tan pouco doado. Ou ao menos moito menos fácil do que semella. Porque cómpre facelo seguindo aquelas pautas que pedían JRJ e Pedro Salinas, máis separados que xuntos.

Elementalidades solicitaban estes dous poetas maiores, o primeiro, un dos meirandes do tan poético século XX, o segundo símbolo, santo (santísimo) e seña da poesía amorosa de todos os tempos. E abonda con dicir “La voz a ti debida” para que nos vaiamos entendendo. Juan Ramón Jiménez e Salinas, en fin, pedían enxeño, intelixencia e autenticidade. Que sen esta última nada se di en poesía. Por máis que con ela soa tampouco cheguemos a parte ningunha. Eis un tremendo “malentendu”, dígamolo con Albert Camus, un dos que máis souberon de semellante vocábulo.

Malentendido do que nos dan quitado aqueles que se implican na súa poesía, desde un degoro de pureza que se irá radicalizando mentres que bogan polo mar da súa entrega. Necesariamente sós, contracorrente sempre, cando cantas veces faga falla. Que esta chalana ou gamela precisa de moita atención, de moito siso para arribar a esa illa que agarda por ela, con ou sen a clásica palmeiriña do tópico.

Tripulante > Mon G. Buhigas (Vilagarcía de Arousa, 1965) tripula unha desas embarcacións. Boga nun deses botes, con tolete e estrobo ben ubicados para que todo estea en orde. Tamén con rízón e remos de boa feitura.

Mon G. Buhigas, do que leo con pracer o seu segundo libro de poenmas, “Doce” (Libros da Frouma, Santiago de Compostela, 2010), non anda (eu ao menos non o vexo) en bandas literarias ou pandillas. O seu, paréceme, é un andar-navegar senlleiro que



Capa do libro, con limiar de Luis Alonso Girgado

AUTOR

Desde ese cerne ou esencia que o mantén, Buhigas posúe moi bo oído e idea de que cousa é o poema

non lle fai dano ningún. Ben ao contrario, axúdalle manter a pureza de intencións que lle vexo ou adiviño.

Mon G. Buhigas, en fin, practica unha poesía aparentemente elemental, desde o senso erótico que nela (e con el) vai. Unha poesía que, non obstante, non semella artellada nese momento de inspiración que en certos poetas pouco elaborados pode resultar fatal. Non é o caso, pois Buhigas desde ese cerne ou esencia que o

“Doce”
Mon G. Buhigas
Libros da Frouma / 10 euros

mantén posúe moi bo oído e idea de que cousa é o poema. Tamén para que serve. Entre outras cousas, sen dúbida, para que esteamos atentos a que caste de paxaro aniña na árbore ou no aleiro deseñado polo poeta.

Así, Mon G. Buhigas, e fico enguedellado (por exemplo) na forza do poema XXIX, o máis longo dun libro composto por mostras curtas. A ton coa delicadeza e elegancia expresiva que subxaz neste poeta. Tamén nas espléndidas e sutilísimas ilustracións de Inés Casas Maroto.

Un libro cheo da autenticidade que me foi vestindo das cores do marmelo ao sol de outono.